



RESOLUCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2021, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE CONVOCA, PARA VINCULACIÓN TEMPORAL, A COBERTURA DE DIVERSAS PRAZAS, CON CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS, DA CATEGORÍA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA PARA OS SERVIZOS SANITARIOS DE ATENCIÓN HOSPITALARIA DA DEVANDITA ÁREA SANITARIA

En cumprimento do establecido no artigo 67 do Decreto 206/2005 de 22 de xullo (DOG núm. 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019 do 10 de outubro (DOG núm. 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e polo Decreto 134/2019 do 10 de outubro (DOG núm. 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Servizo público de saúde de Galicia, a Orde do 22 de abril de 2020 (DOG núm. 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e mediante o procedemento de concurso de méritos e entrevista, que se prevén nos parágrafos 2.2 e 2.3 da Resolución do 11 de decembro de 2018 (DOG núm. 240, do 18 de decembro) da Dirección Xeral de Recurso Humanos, pola que se publica o pacto suscrito pola Administración sanitaria coas organizacións sindicais CIG, CESM-O'MEGA, CC.OO., UGT e CSIF sobre a selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria, o Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee,

RESOLVE

1. Convocar o proceso de selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario, para a cobertura das prazas da categoría de facultativo especialista de área que se indican no Anexo I desta convocatoria.
2. O proceso de selección realizarase de conformidade coas seguintes

BASES

Primeira.- Obxecto.

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal temporal para a cobertura das prazas de facultativo especialista de área que se recollen no Anexo I, ao abeiro do artigo 9 da Lei 55/2003 do 16 de decembro, do Estatuto Marco de Persoal Estatutario dos servizos de saúde.

Segunda.- Requisitos.

As persoas interesadas en participar neste proceso deberán posuír na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manter ata o nomeamento, os seguintes requisitos:



1. Nacionalidade:

- a) Posuír a nacionalidade española
- b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.
- c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos/as españois/as e dos/as nacionais dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea e o dos/as nacionais dalgún Estado no cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito.
Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os/as seus/súas descendentes e os/as do seu cónxuxe sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores da devandita idade dependentes.

2. Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa legalmente vixente.

3. Capacidade funcional: Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que deriven do correspondente nomeamento.

4. Habilitación: Non ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio das funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/as nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a por sanción ou pena para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ter sido separado/a por sanción disciplinaria dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

5. Titulación: Estar en posesión da titulación que para cada unha das categorías/especialidades que se convocan se especifica no anexo I desta Resolución, ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán achegarse os documentos que acrediten a súa homologación ou recoñecemento.

O/a aspirante non terá a obrigaçión de achegar a documentación acreditativa da titulación, cando a mesma conste validada (V) en FIDES/expedient-e, expediente electrónico profesional.

Ademais do anterior, é necesario o cumprimento dos seguintes requisitos específicos de experiencia ou formación previa:

- **FEA Cardiología (Cardiopatías Familiares):** require certificado de servizos prestados como FEA por período mínimo de 3 anos nos últimos 10 en unidades de cardiopatías familiares.
- **FEA Cardiología (Transplante e Insuficiencia Cardíaca):** require certificado de servizos prestados como FEA por período mínimo de 2 anos nos últimos 10 en unidades de insuficiencia cardíaca e programa de transplante cardíaco.
- **FEA Cirurxía Torácica (Transplante Pulmonar):** require certificado de servizos prestados como FEA por período mínimo de 2 anos nos últimos 10 en programas de transplante pulmonar.





- **FEA Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo (Transplante Abdominal):** require certificado de servizos prestados como FEA por período mínimo de 2 anos nos últimos 10 en programas de transplante abdominal.
- **FEA Radiodiagnóstico (Radioloxía Intervencionista):** require acreditación de formación en Radioloxía Intervencionista pola Sociedade Española de Radioloxía Vascular e Intervencionista.

6. Protección xurídica do menor: Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por tráfico de seres humanos, de conformidade coa previsión contida no artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, segundo a redacción efectuada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo.

7. Aboar as taxas por dereitos de inscrición, de ser o caso, ou aportar documentación xustificativa de atoparse nun dos supostos que dan lugar á exención do aboamento de taxas.

8. Situación administrativa: Non poderá participar no proceso selectivo o persoal estatutario fixo da mesma categoría e especialidade, así como aqueles profesionais que se atopen en situación de excedencia como persoal estatutario da mesma categoría/especialidade.

No suposto de perda dalgún dos requisitos enumerados nesta base, as persoas aspirantes poderán ser excluídas do proceso mediante resolución motivada do órgano convocante.

Terceira.- Solicitudes, taxas e documentación.

1. As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán presentar solicitude, segundo modelo de instancia que se xunta como Anexo II, que estará a súa disposición no Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

As solicitudes, o xustificante de aboamento de taxas ou, de ser o caso, de estar exento delas, e a documentación que conteña a xustificación dos requisitos e méritos presentaranse no Rexistro da Área Sanitaria da Coruña e Cee (Hospital A Coruña, Xubias de Arriba 84, 15006 A Coruña), dirixidas o Xerente da Área Sanitaria, dentro do prazo de quinze días naturais a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Será causa de inadmisión ao proceso selectivo a presentación extemporánea da solicitude polo/a interesado/a.

As solicitudes e o resto da documentación poderán, así mesmo, presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non se admitirán as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca ou riscadura no formulario de inscrición (Anexo II) ou en calquera dos documentos acreditativos dos requisitos de participación.

As modificacións que, con carácter excepcional, resulte necesario que efectúe o/a aspirante nalgún dos datos contidos na solicitude de participación efectuaranse mediante escrito dirixido o Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee, no cal se indicará claramente a modificación que se pretende.





Tal solicitude de modificación deberá presentarse, xunto coa instancia que modifica ou copia desta, a través do procedemento e prazo previsto para a presentación das solicitudes de participación.

Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, non se admitirán modificacións das solicitudes previamente presentadas.

2. Xunto coa solicitude os/as aspirantes deberán presentar xustificante de aboamento das taxas administrativas, por dereitos de inscrición por importe de 18,04 €. As taxas deberán aboarse mediante ingreso nunha das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia. Para realizar o ingreso empregárase o impreso de autoliquidación que estará a disposición das persoas interesadas no Espazo do Profesional, no rexistro da Área Sanitaria ou en calquera outro Rexistro xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

A presentación do xustificante do ingreso das taxas no que non figure o selo da entidade bancaria, con indicación da data, determinará a exclusión do/a aspirante. En ningún caso, a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación en tempo e forma da solicitude. En todo caso, o aboamento das taxas deberá realizarse no prazo para a presentación de solicitudes.

Estarán exentos do pagamento da taxas as persoas que acrediten documentalmente, xunto coa instancia, unha discapacidade igual ou superior ao 33%, así como as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Así mesmo, gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que figurasen como demandantes de emprego, dende polo menos os seis meses anteriores á data da publicación desta resolución, e non estean percibindo prestación ou subsidio de desemprego.

Tales circunstancias deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, mediante fotocopia compulsada da cualificación da discapacidade, fotocopia compulsada do título oficial de familia numerosa, de carácter ordinario ou especial, ou con certificación negativa de percepción actual de prestación/subsidio por desemprego e da antigüidade como demandante de emprego expedida polo Servizo Público de Emprego.

Tamén se poderá realizar o pagamento da taxa por Internet nas entidades financeiras actualmente autorizadas. Para isto, deberán acceder a oficina tributaria, a través da oficina virtual na páxina web do CIXTEC (www.cixtec.es) e premer a ligazón "Oficina virtual-tributaria" (icona de cor azul), a continuación débese seleccionar a opción "Cidadáns" (icona de cor azul na marxe esquerda da pantalla), "Pago de taxas e prezos" e "Iniciar taxa", onde se cubrirá o formulario cos códigos que aparecen o despregar os menús. Neste caso, unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente, imprimirase o xustificante de ter aboada a taxa (Modelo 730), que se presentará xunto coa solicitude de inscrición. En ningún caso, a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación en tempo e forma da solicitude.

O importe aboado en concepto de taxas devolverase, logo dos trámites correspondentes, aos/ás aspirantes excluídos/as que o soliciten no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

3. As persoas aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude de participación e dentro do prazo establecido, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do NIF/NIE/pasaporte/outros

Os/as aspirantes estranxeiros/as que residan en España deberán ademais, presentar unha fotocopia compulsada da tarxeta de residente comunitario/a en vigor ou, de ser o caso, da





tarxeta temporal de residente comunitario/a ou de traballador/a comunitario/a fronteirizo/a en vigor.

Os/as aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, que non residan en España, ben por residiren no estranxeiro ou por atopárense en España en réxime de estadia, deberán presentar unha fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte.

Os/as familiares dos/as anteriores deberán presentar unha fotocopia compulsada do visado e, se é o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta ou xustificante de ter solicitada a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non ter solicitado estes documentos, deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español/la, do/a nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea e do/a nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, co cal existe este vínculo, de que non está separado/a de dereito do seu/súa cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o/a aspirante vive a súas expensas ou está o seu cargo.

- Xustificante de ter aboado as taxas por dereitos de inscrición. As persoas exentas ou con bonificación no pagamento das taxas deberán presentar copia compulsada da documentación que acredite este dereito nos termos esixidos na base 3.2.

- Fotocopia compulsada do título académico esixido para o acceso á correspondente categoría/especialidade ou a documentación acreditativa de estar en condicións de obtelo nos termos previstos no Anexo IV desta resolución.

Deberá presentarse tradución xurada ou equivalente daqueles títulos que sexan redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá achegarse, ademais, o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou recoñecemento.

O/a aspirante non terá a obriga de achegar a documentación acreditativa da titulación cando esta conste validada (V) en Fides/especient-e.

Requisitos de experiencia e formación específica:

Certificado de servizos prestados expedido polo/s servizo/s de saúde correspondente/s, acreditativa dos anos de experiencia profesional requirida en cada caso, así como acreditación da formación expedida pola Sociedade Científica da correspondente especialidade, segundo as condicións exixidas no Anexo I desta resolución.

- Certificación do Rexistro Central de delincuentes sexuais dependente do Ministerio de Xustiza, de non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, por esixencia do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, segundo a redacción efectuada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Os/as interesados/as poderán solicitar o referido certificado ao Ministerio de Xustiza, podendo realizar a súa solicitude desde a páxina web do propio Ministerio, no enlace <http://www.mjusticia.gob.es>, premendo a continuación sobre a opción "Para traballar con menores, solicite o seu Certificado de Delitos de Natureza Sexual".





- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera Servizo de Saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin atoparse inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión (Anexo V).

No caso dos/as nacionais doutros Estados, declaración baixo a súa responsabilidade de non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado de procedencia o acceso ao emprego público.

- Declaración responsable de non ostentar a condición de persoal estatutario fixo na mesma categoría e especialidade (Anexo V).
- Declaración responsable de non atoparse en situación de excedencia como persoal estatutario na mesma categoría e especialidade (Anexo V).
- Certificación médica oficial na que se acredite estar en posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente nomeamento.
- Currículo profesional.

A falta de acreditación polos/as interesados/as dos requisitos de participación determinará a súa exclusión do proceso de selección.

En todo caso, a autoridade convocante reservará para si o dereito de esixir que se acredite convenientemente a existencia ou non dos requisitos de participación e idoneidade dos/as aspirantes en calquera momento anterior á resolución definitiva deste proceso selectivo.

Cuarta.- Sistema de selección

A selección dos/as aspirantes levarase a cabo mediante a valoración dos méritos acreditados de conformidade co baremo recollido no parágrafo 2.2 da Resolución do 11 de decembro de 2018 (DOG núm. 240, do 18 de decembro de 2018), da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica o pacto subscrito pola Administración sanitaria coas organizacións sindicais CIG, CESM-O'MEGA, CC.OO., UGT e CSIF sobre a selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria.

Así mesmo, debido ás características específicas do posto, acórdase a realización dunha entrevista persoal regrada ás persoas aspirantes conforme ao establecido no parágrafo 2.3 do pacto sobre a selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, non se admitirá, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, e aos efectos da súa valoración no presente proceso, ningunha documentación acreditativa de novos méritos, agás aquela documentación que constando documentalmente ter sido solicitada pola persoa interesada ao organismo ou entidade competente no prazo de presentación de solicitudes ou nun momento anterior, esta non fose recibida pola persoa interesada no indicado prazo, suposto en que se admitirá a súa presentación no prazo de reclamación contra a lista provisional de puntuacións.

Fóra deste suposto e prazo, non se admitirá a presentación de ningunha documentación acreditativa de novos méritos.

A Administración poderá requirir, en calquera momento, a achega de documentación complementaria acreditativa de calquera méritos alegado polos/as interesados/as.





1. Fase de valoración de méritos:

Os méritos a ter en conta para a selección dos/as aspirantes á/ás praza/s convocada/s serán, unha vez acreditados os requisitos esixidos, aqueles que tiveran acreditados con arranxo ao recollido no Anexo III desta resolución, e valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Non será necesaria a acreditación documental do cumprimento dos seguintes méritos:

- A experiencia profesional como persoal estatutario nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
- Méritos e requisitos que se encontren validados (V) no expedient-e (expediente electrónico persoal).

O resto da documentación deberá mecanizarse en FIDES-Expedient-e, e acreditarse polos/as interesados/as dentro do prazo de presentación de solicitudes segundo o recollido na base terceira da presente resolución.

No caso de que os méritos que se pretendan facer valer xa foran incluídos no expediente electrónico do Servizo Galego de Saúde (Expedient-e) con anterioridade á data de presentación da solicitude non será necesario presentar de novo a documentación acreditativa dos mesmos.

Procedemento de rexistro electrónico e acreditación de méritos:

Para o rexistro electrónico e acreditación dos méritos, as persoas participantes deberán proceder da seguinte forma:

Accederán a través de FIDES o seu expediente electrónico profesional e comprobarán os datos do seu currículo avaliábel para o procedemento de selección que constan rexistrados na aplicación informática, así como o seu estado.

No caso de profesionais que non están rexistrados no Fides/Expedient-e, deberán facelo seguindo as instrucións contidas no seguinte enlace:

<https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/oficina-profesional-expediente-electronico-sergas>

Se non constan ningunha información ou está incompleta, o/a profesional rexistrará no sistema os méritos que posúe, para os efectos da súa valoración no proceso de selección. Logo de rexistrados, deberá imprimir a solicitude de validación destes, que estará dispoñible na aplicación informática na epígrafe "informe".

As solicitudes de validación para este proceso dirixiranse á unidade de Expedient-e do Hospital Universitario A Coruña, e poderán presentarse ata o último día do prazo de presentación de instancias inclusive, preferentemente no rexistro xeral da Área Sanitaria da Coruña e Cee, sito no Hospital A Coruña, Xubias de Arriba, 84, 15006 – A Coruña, así como a través de calquera dos procedementos recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Fase de entrevista:

Motivado polas especificidades propias dos postos, realizarase a selección de aspirantes a través dun procedemento específico que conterá unha fase de baremación de méritos e unha fase de entrevista persoal.



Para a valoración da entrevista tomarase en consideración o seguinte:

1. En relación coa experiencia exixida: coñecemento e experiencia das técnicas máis utilizadas na actualidade, así como as patoloxías relevantes atendidas, en relación co perfil.
2. En relación coa formación específica: o tipo de formación teórica e práctica recibida, o centro formador e a actualización de dita formación, en relación co perfil.

A puntuación total acadada polas persoas aspirantes será a obtida na fase de valoración de méritos incrementada coa puntuación obtida na fase de entrevista, sendo 16 puntos a puntuación máxima que se poderá alcanzar na fase de entrevista.

Será necesario que os/as aspirantes acaden unha puntuación mínima de 8,5 puntos na entrevista para entender superada esta fase. A Comisión de Avaliación poderá propoñer que se declare deserta a convocatoria no suposto de que ningún dos/as aspirantes acade a mencionada puntuación mínima.

Aquelas persoas aspirantes que sendo convocadas para a fase de entrevista non comparezan, serán excluídas da presente convocatoria.

Quinta.- Comisión de Avaliación.

Para a selección dos/as aspirantes constituiranse Comisións de Avaliación, cuxas funcións serán avaliar os méritos acreditados polos/as interesados/as e elevar a proposta de adxudicación do nomeamento ao Xerente.

As Comisións de Avaliación terán a seguinte composición: O/A Presidente/a, dous/dúas vogais e un/unha Secretario/a, que actuará con voz pero sen voto. O/A Secretario/a levantará acta de cada unha das sesións que celebre a Comisión.

Ademais, a Comisión poderá propoñer ao órgano convocante a incorporación aos seus traballos dos/as asesores/as especialistas ou de apoio que estimen oportunos. Os/as ditos/as asesores/as limitaranse a prestar a súa colaboración nas especialidades técnicas, con voz e sen voto.

A Xerencia publicará a composición da Comisión de Avaliación, para xeral coñecemento dos/as interesados/as, de conformidade coas normas xerais contidas nas presentes bases.

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias do órgano convocante, correspóndelle á Comisión de Avaliación dar traslado á Xerencia da acta, coa debida motivación, coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes nas fases de valoración de méritos e entrevista, así como a emisión de cantos informes sexan requiridos da súa intervención no proceso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas en orde ao correcto desenvolvemento do proceso selectivo e a resolución das incidencias.

As Comisións, aos efectos de comunicacións, envío de documentación ou incidencias, terán a súa sede no Hospital A Coruña, Xubias de Arriba, 84, 15006 – A Coruña.

As Comisións axustarán a súa actuación ao disposto na normativa vixente reguladora dos órganos colexiados, en concreto, os membros da Comisión deberán absterse de intervir cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, notificándoo ao órgano que efectuou o seu nomeamento, que resolverá o procedente. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión nos termos do artigo 24 da referida Lei, cando o seu xuízo concorran as citadas circunstancias.





Sexta.- Procedemento e tramitación.

1. Aspirantes admitidos/as e excluídos/as: Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee publicará a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, indicando neste último caso a causa de exclusión.

Os/as aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada relación, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a súa exclusión. Transcorrido este prazo, a Xerencia resolverá as reclamacións presentadas e publicarase a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de emenda entenderanse implícita na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, contra a cal se poderá interpoñer recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza aos/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos na convocatoria.

Cando da documentación que deba presentarse despréndase que algún dos/as aspirantes non posúe algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Os/as aspirantes que resulten excluídos/as definitivamente disporán do prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación da listaxe, para solicitar a devolución das taxas aboadas.

2. Baremación dos méritos achegados: As Comisións de Avaliación procederán a baremar os méritos achegados polos/as aspirantes de conformidade co Anexo III.

Aos efectos da celebración da entrevista, a Comisión de Avaliación publicará a convocatoria da mesma, indicando a data, hora e lugar de realización. A celebración da entrevista non deberá realizarse antes de que transcorra un prazo mínimo de 5 días hábiles desde a publicación do anuncio que determine a data e hora de comezo.

A orde de actuación das persoas aspirantes na fase de entrevista perante a Comisión de Avaliación, iniciarase por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra "Y", continuando sucesivamente por orde alfabético, de conformidade co establecido na Resolución do 29 de xaneiro de 2021 (DOG núm. 24, do 5 de febreiro), da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

As persoas aspirantes deberán vir provistas de DNI ou documento oficial que acredite a súa identidade ou nacionalidade.

Enténdese que desisten do presente proceso de selección temporal aquelas persoas aspirantes que non comparezan.

3. Publicación provisional dos méritos: Rematada a fase de baremación e entrevista, publicarase a relación provisional coas puntuacións totais obtidas por cada aspirante, desagregadas por epígrafes, con apertura dun prazo de cinco (5) días hábiles para a presentación de reclamacións, contados a partir do día seguinte á publicación da mesma.

Para estes efectos, a estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se publique a resolución definitiva dos méritos.



4. Publicación definitiva dos méritos: Unha vez examinadas as reclamacións presentadas, de ser o caso, as Comisións de Avaliación elevarán os listados definitivos por orde de prelación ao Xerente, coa proposta de adxudicación do/s vínculo/s a favor das persoas aspirantes que acrediten maior puntuación, agás que concorran circunstancias que xustifiquen que a convocatoria quede deserta, en cuxo caso deberán constar as razóns que motiven tal proposta.

En calquera momento do proceso, se a Comisión de Avaliación tivese coñecemento de que algún/algunha aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos pola convocatoria, porao en coñecemento do órgano convocante, que, logo da audiencia ao/á interesado/a, deberá acordar a súa exclusión se procede.

Así mesmo, a Comisión de Avaliación poderá solicitar a ampliación ou aclaración da documentación aos/as interesados/as, para os efectos da valoración de méritos.

5. Resolución de empates: De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a establecida no vixente pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema público de saúde de Galicia (DOG núm. 123, do 30 de xuño de 2016):

Os empates de puntuación que se puidesen producir resolveranse, en primeiro lugar, a favor das persoas aspirantes que participasen no último proceso selectivo de persoal estatutario fixo convocado polo Servizo Galego de Saúde e, entre eles, a prol do que acadase a maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase a favor da persoa que acredite maior puntuación na epígrafe de experiencia profesional, a continuación aplicarase o criterio da maior idade e, en último lugar, a data interna de alta da inscrición en Fides, priorizando a máis antiga.

Sétima.- Resolución.

No prazo de vinte días naturais a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee publicará a resolución pola que se acorde a adxudicación do nomeamento ao/á aspirante que resultase da proposta da Comisión de Avaliación, indicando a data ou, de ser o caso, o prazo no que debe asinar o nomeamento e realizar a incorporación efectiva á praza para a que resultou seleccionado/a.

De non producirse a sinatura e a incorporación efectiva á praza na data ou prazo indicado, o/a interesado/a perderá os dereitos como adxudicatario/a ao nomeamento, podendo ser chamado o/a aspirante seguinte, de conformidade coa orde de maior a menor puntuación outorgada pola Comisión de Avaliación.

Oitava.- Normas xerais.

A publicación dos actos e resolucións que se ditén na tramitación deste procedemento realizarase na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

No non previsto na presente convocatoria, aplicaranse subsidiariamente as disposicións contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e demais normativa aplicable ao persoal estatutario.



Novena.- Recursos.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a súa publicación.

A Coruña, 27 de abril de 2021

SERVIZO GALEGO de SAÚDE
Área Sanitaria da Coruña e Cee
XERENCIA

Luis Verde Remeseiro
Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

DILIXENCIA:

Para facer constar que o día 6 de maio de 2021 publícase no Diario Oficial de Galicia número 85 o anuncio da presente convocatoria, e procédese a súa publicación na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es)

O Director de Recursos Humanos
Javier Fernández Nistal





ANEXO I
RELACIÓN DE PRAZAS OFERTADAS

Especialidade	Perfil	Centro	Tipo de vínculo	Prazas Ofertadas	Titulación Requerida	Requisitos específicos
Cardioloxía	Cardiopatías Familiares	CHUAC	Interinidade en praza vacante	1	Título oficial da especialidade de Cardioloxía	Require certificado de servizos prestados como FEA por período mínimo de 3 anos nos últimos 10 en unidades de cardiopatías familiares
Cardioloxía	Transplante e Insuficiencia Cardíaca	CHUAC	Interinidade en praza vacante	1	Título oficial da especialidade de Cardioloxía	Require certificado de servizos prestados como FEA por período mínimo de 2 anos nos últimos 10 en unidades de insuficiencia cardíaca e programa de transplante cardíaco
Cirurgía Torácica	Transplante Pulmonar	CHUAC	Interinidade en praza vacante	1	Título oficial da especialidade de Cirurxía Torácica	Require certificado de servizos prestados como FEA por período mínimo de 2 anos nos últimos 10 en programas de transplante pulmonar
Cirurgía Xeral e do Aparello Dixestivo	Transplante abdominal	CHUAC	Interinidade en praza vacante	1	Título oficial da especialidade de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo	Require certificado de servizos prestados como FEA por período mínimo de 2 anos nos últimos 10 en programas de transplante abdominal
Radiodiagnóstico	Radioloxía Intervencionista	CHUAC	Interinidade en praza vacante	1	Título oficial da especialidade de Radiodiagnóstico	Require acreditación de formación en Radioloxía Intervencionista pola Sociedade Española de Radioloxía Vascular e Intervencionista





ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A VINCULACIÓN TEMPORAL DE DIVERSAS PRAZAS DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

DATOS DA CONVOCATORIA	
Resolución da Xerencia de data 27 de abril de 2021	Nº. DOG: 85, do 6 de maio de 2021
Especialidade á que opta:	

DATOS PERSOAIS	
APELIDOS E NOME:	NIF:
DIRECCIÓN:	LOCALIDADE:
PROVINCIA:	TELÉFONO:
EMAIL:	

DATOS PROFESIONAIS	
Centro de destino actual:	Posto de traballo ocupado actualmente :
Categoría:	Grupo de clasificación:
Vínculo Xurídico:	Situación Administrativa:

SOLICITA, sexa admitida a presente solicitude para participar na convocatoria da praza arriba indicada, e declara que son certos os datos que figuran na presente solicitude e documentación achegada.

Relación de documentos que se achegan coa la solicitude:

- Copia compulsada do NIF/NIE/pasaporte ou outro documento que acredite a identidade.
- Xustificante do pagamento de taxas ou documentación acreditativa do dereito á exención total ou parcial no pagamento das mesmas.
- Salvo que xa conste validada (V) en Fides/Expedient-e, orixinal ou fotocopia compulsada do título académico esixido para o acceso á correspondente categoría/especialidade. No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro, ademais documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título para os efectos profesionais.
- Certificación acreditativa dos requisitos específicos indicados no Anexo I.
- Anexo V. Declaracións responsables.
- Certificación médica oficial acreditativa das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño do posto de traballo.
- Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes sexuais.
- Certificación expedida pola dirección do correspondente centro xustificativa da situación, nos cinco anos anteriores á data de publicación da convocatoria no DOG, de permisos, reducións de xornada ou excedencias motivadas polo exercicio de dereitos de conciliación. Situación acreditada: _____

En _____, a _____ de _____ de 2021

Sinatura _____





ANEXO III

BAREMO

PARTICIPACIÓN NA OPE (Máximo 24 puntos)

Valórase a participación na oferta pública de emprego (OPE) na categoría e/ou especialidade no Servizo Galego de Saúde con un máximo de 24 puntos, atendendo ao seguinte:

- ◆ Asignarase, coa debida proporcionalidade a maior das puntuacións globais obtidas pola persoa aspirante na fase de oposición dos dous últimos procesos selectivos convocados e resoltos polo Servizo Galego de Saúde na correspondente categoría e/ou especialidade, con independencia da superación da devandita fase.

Para estes efectos, entenderase como data de finalización do proceso selectivo a data de publicación no Diario Oficial de Galicia da resolución pola que se declara rematada a fase de oposición do respectivo proceso.

- ◆ En ningún suposto valoraranse puntuacións derivadas da participación en procesos selectivos anteriores á OPE do ano 2006. No suposto de que as puntuacións máximas a acadar nas distintas ofertas públicas de emprego sexan diferentes, aplicarase unha regra de proporcionalidade.
- ◆ O coñecemento da lingua galega das persoas aspirantes que non participasen na OPE, que non tivesen realizado o correspondente exercicio ou tivesen obtido neste unha puntuación inferior á máxima, valorarase nesta epígrafe con 2 puntos, logo de acreditación do Curso de Celga 4 ou equivalente.
- ◆ As persoas aspirantes que tivesen realizado a fase de oposición dalgún dos dous últimos procesos selectivos convocados e resoltos polo Servizo Galego de Saúde na correspondente categoría e/ou especialidade, e non teñan acreditado o Celga 4 ou equivalente, valoraráselles coa debida proporcionalidade a puntuación obtida no exercicio de lingua galega da oposición na que obtivesen a maior puntuación global.
- ◆ As persoas aspirantes que tiveran participado na OPE da correspondente categoría e/ou especialidade pola quenda de promoción interna, e estiveran polo tanto exentas do exercicio sobre o contido da parte común do programa, valoraráselles este apartado con 2 puntos.

FORMACIÓN, EXPERIENCIA PROFESIONAL, DOCENCIA, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN SANITARIA (Máximo 40 puntos)

1. FORMACIÓN (máximo 14 puntos)

1.1. FORMACIÓN ACADÉMICA (máximo 3,5 puntos)

1.1.a) Grao:

1.1.a.1) Licenciatura:

Plan antigo:

- Por cada matrícula de honra: 0,50 puntos.
- Por cada sobresaliente: 0,25 puntos.
- Por cada notable: 0,10 puntos.





Non se valorará o sobresaliente cando se obtivese matrícula de honra.

A suma das puntuacións dividirase polo número total de materias avaliadas no plan de estudos, expresando o cociente con dous decimais.

Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

Plan novo:

A puntuación correspondente aos estudos de cada aspirante obterase mediante a aplicación do seguinte algoritmo:

$$\frac{0,10Cn+0,25Cs+0,50Cmh}{Ca+Cn+Cs+Cmh}$$

As anotacións Ca, Cn, Cs e Cmh corresponden ao número total de créditos que na certificación académica estean adscritos a materias troncais e obrigatorias e nos cales, respectivamente, se obtiveron as cualificacións de aprobado, notable, sobresaínte e matrícula de honra. Non se puntuará o sobresaliente cando se obtivese matrícula de honra.

Non serán valorados os créditos correspondentes a materias optativas ou de libre elección/configuración.

A puntuación resultante expresarase con dous decimais.

Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

1.1.a.2) Exame de grao ou memoria de licenciatura: 0,30 puntos (con sobresaliente ou matrícula de honra 0,15 puntos máis).

1.1.a.3) Premio extraordinario: 0,30 puntos.

1.1.b) Posgrao.

1.1.b.1) Pola realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou pola realización do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA): 1 punto.

1.1.b.2) Título de doutor/a no ámbito das ciencias da saúde: 3 puntos.

As aliñas 1.1.b.1) e 1.1.b.2) son excluíntes entre si.

1.1.b.3) Premio extraordinario de doutoramento no ámbito das ciencias da saúde: 0,3 puntos.

1.1.b.4) Por cada máster universitario oficial (Espazo Europeo de Educación Superior, EEES) no ámbito das ciencias da saúde, que se encontre debidamente acreditado e inscrito no RUCT: 1 punto.

A titulación máster débea rexistrar o/a aspirante en Fides/expedient-e na epígrafe de formación continuada recibida/máster.

1.2. FORMACIÓN CONTINUADA E ESPECIALIZADA (máximo 10,5 puntos):

1.2.1. FORMACIÓN CONTINUADA:

1.2.1.a) Pola asistencia, debidamente xustificada, a actividades formativas acreditadas por algún dos órganos acreditadores que integran o sistema acreditador da formación continuada do Sistema Nacional de Saúde, polo Consello Europeo de Acreditación da Educación Médica Continuada (EACCME) ou a Asociación Médica Americana (AMA), impartidos por calquera entidade ou organismo público ou privado, sempre que teña un contido relacionado coas funcións propias da categoría/especialidade e que estean dirixidos directamente á categoría/especialidade á que se opta.





1.2.1.b) Pola asistencia debidamente xustificada a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Servizo Público de Emprego, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados polo Servizo Galego de Saúde ou por calquera organismo público, sempre que teña un contido relacionado coas funcións propias da categoría/especialidade e que estean dirixidos directamente á categoría/especialidade á que se opta.

1.2.1.c) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das administracións públicas, sempre que teña un contido relacionado coas funcións propias da categoría/especialidade e que estean dirixidos directamente á categoría/especialidade á que se opta.

Valoración:

- Por crédito CFC: 0,05 puntos.
- Por crédito EACCME/AMA PRA categoría 1: 0,007 puntos.
- Por hora: 0,005 puntos.

1.2.1.d) Pola superación da actividade formativa impartida polas Universidades, coa condición de título propio (máster universitario, experto universitario, especialista universitario), no ámbito das ciencias da saúde:

- En caso de estar computado en créditos ECT: 0,025 puntos/crédito.
- En caso de estar computado só en horas: 0,0025 puntos/hora.

A puntuación que se outorgará os/as aspirantes que impartisen os anteditos cursos será de 0,02 puntos por hora de docencia impartida. Valorarase a formación impartida que teña un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste. Se a actividade formativa consta acreditada en créditos EACCME ou AMA PRA e créditos CFC, valorarase coa puntuación asignada a estes últimos.

Non se valorarán os cursos realizados durante o período de especialización que estean incluídos no programa docente da especialidade correspondente.

Os cursos de igualdade entre mulleres e homes e prevención e loita contra a violencia de xénero valoraranse en todas as categorías/especialidades, con independencia da data de obtención do título esixido para o acceso a estas.

Os cursos de prevención de riscos, de informática, de xestión clínica, de bioestatística e de metodoloxía da investigación valoraranse en todas as categorías/especialidades, con independencia da data de obtención do título esixido para o acceso a estas, cunha puntuación máxima de 4 puntos.

Así mesmo, valorarase en todo caso a formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero.

Non serán obxecto de valoración os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios, talleres ou similares, agás que estean debidamente acreditados polos órganos acreditadores que forman o sistema acreditador da formación continuada do Sistema Nacional de Saúde.

1.2.2. FORMACIÓN ESPECIALIZADA

1.2.2.a) Por ter completado o período como residente do programa MIR, FIR, QUIR, BIR, PIR ou RHIR segundo corresponda a especialidade á que se presente, en España ou nun país da Unión Europea, ou ben ter completado o período de formación como residente nun centro estranxeiro cun programa recoñecido de docencia para posgraduados/as na especialidade á que





se presente e co título validado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional: 2,5 puntos.

1.2.2.b) Por ter obtido o título da especialidade á que se presente como consecuencia de ter accedido, con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 127/1984, do 11 de xaneiro, a unha praza de especialista en formación, convocada por algunha das administracións públicas ou institucións sanitarias concertadas con estas e que acrediten ter realizado de xeito ininterrompido e baixo un mesmo réxime docente os anos de formación establecidos para a correspondente especialidade, mediante nomeamento ou contrato de bolsa docente expedido pola devandita Administración que implique relación profesional retribuída periodicamente con cargo aos seus orzamentos: 2,5 puntos.

Os apartados 1.2.2.a) e 1.2.2.b) son excluíntes entre si.

1.2.2.c) Por ter completado o período como residente do programa MIR, FIR, QUIR, BIR, PIR ou RHIR doutra especialidade distinta a aquela á que se presente (en España ou país da Unión Europea) ou ben ter completado o período de formación como residente nun centro estranxeiro cun programa recoñecido de docencia para posgraduados/as doutra especialidade distinta a aquela á que se presente e co título validado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional: 1 punto.

2. EXPERIENCIA (máximo 22 puntos)

2.a)- Por cada mes completo de servizos prestados na mesma categoría e especialidade, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral pola conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,20 puntos/mes.

- Por cada mes completo de servizos prestados na mesma categoría e especialidade, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral pola conta e baixo a dependencia doutras administracións públicas de España ou dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza ou en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional: 0,10 puntos/mes.

- Por cada mes completo de servizos prestado na mesma categoría e especialidade, pola conta e baixo dependencia de institucións sanitarias privadas concertadas e/ou acreditadas para a docencia de especialidade de ciencias da saúde de España ou dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza ou como persoal titulado superior investigador no ámbito das ciencias da saúde, en virtude de nomeamento ou contrato laboral pola conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias públicas dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,07 puntos/mes.

- Por cada mes de completo de servizos prestados noutra categoría/especialidade de persoal licenciado sanitario, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral pola conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias públicas dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,05 puntos/mes.

- Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría profesional distinta das prevista no apartado anterior, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral pola conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias públicas dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,04 puntos/mes.

2.b) Puntuación específica polo exercicio de dereitos de conciliación.

Polo exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (máximo 0,5 puntos):

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,2 puntos/licenza.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción de fillo: 0,2 puntos/permiso.



- Redución de xornada por motivos familiares: 0,2 puntos. Para estes efectos, só se computará unha redución por ano e tomarase como data de referencia a data do seu inicio.

No suposto de que o seu desfrute se estendera na anualidade seguinte á de inicio, computarse como unha soa redución.

- Excedencia por coidado de fillos e familiares: 0,02 puntos/mes.

A acreditación de cada unha destas circunstancias deberá efectuarse polo/a aspirante na forma prevista no anexo IV.

2.c) Puntuación adicional pola prestación de servizos en centros sanitarios illados.

Polos servizos efectivamente prestados nos hospitais públicos de O Barco, Verín, A Mariña, Cee e Monforte de Lemos ou en centros sanitarios do nivel de atención primaria, localizados nos concellos que se relacionan no anexo IV, caracterizados polo seu illamento: 0,5 puntos/ano completo ou a parte proporcional.

Para este efectos, só se valorarán os servizos que consten ter sido efectivamente prestados en tales centros, con independencia da súa realización ou non en virtude de vínculo directamente normalizado con tales institucións.

De conformidade co disposto no anexo IV desta convocatoria, non será necesario que o/a aspirante acredite este mérito.

Coa valoración dos puntos 2.b) e 2.c) non se poderá superar a puntuación máxima prevista para o apartado de experiencia profesional.

Normas xerais de valoración:

Primeira)

Os meses serán computados por días naturais.

Salvo para os nomeamentos de atención continuada ou gardas en atención extrahospitalaria, o cómputo dos servizos prestados efectuarase por meses. Para iso calcularase en cada epígrafe do baremo o número total de días e dividirase entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada punto será o cociente enteiro, desprezando os decimais.

En ningún caso a suma dos servizos prestados con distintos nomeamentos dentro do mesmo mes natural poderá valorarse por enriba da puntuación establecida para o devandito período dun mes.

En ningún caso un mesmo período de servizos prestados poderá ser obxecto de valoración en distintas epígrafes do baremo. De igual xeito, un mesmo período de tempo de servizos prestados non poderá ser obxecto de valoración en máis dunha categoría/especialidade, ou en varios servizos ou unidades, tanto do mesmo como de diferente centro.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias, computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas no devandito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

Segunda)

Os servizos prestados durante o período en que se desfrute dunha redución de xornada por algunha das causas legalmente previstas serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Os servizos prestados polo persoal especificamente nomeado a tempo parcial serán valorados coa conseguinte redución. Cando nun mesmo período o/a interesado/a acredite distintos





nomeamentos a tempo parcial, realizarase unha acumulación, sen que poida resultar, en ningún caso, unha xornada acumulada superior á xornada completa.

O período de formación para a obtención do título de especialista non poderá ser valorado como tempo de servizos prestados.

Os períodos de permiso sen soldo, así como a permanencia en situación de servizos especiais, valoraranse como tempo de servizos efectivamente prestados na categoría/especialidade para os efectos deste baremo.

Os servizos prestados noutra categoría en promoción interna temporal polo persoal estatutario fixo valoraranse como servizos temporais na dita categoría.

Terceira)

A experiencia profesional valorarase a partir da data de superación do período formativo conducente á obtención do título da respectiva especialidade.

Os servizos prestados polos especialistas con título expedido por terceiros países valoraranse desde a data de homologación ou recoñecemento do título da especialidade polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Os servizos prestados como especialistas de cota terán a mesma valoración que os prestados como facultativo especialista de área.

A antigüidade como especialista de quen accedese o título en virtude do Real decreto 1497/1999, do 24 de setembro, valorará, segundo o disposto na Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, a totalidade do exercicio profesional efectivo do/a interesado/a dentro do campo propio e específico da especialidade, descontando de tal exercicio e no seu período inicial o 170 por 100 do período de formación establecido para a dita especialidade en España. O indicado desconto non se producirá respecto de quen obtivese o título de especialista de acordo co previsto na disposición adicional terceira do Real decreto 1497/1999.

Para os efectos deste baremo, os contratos de investigación Juan Rodés e Río Hortega terán a mesma valoración que os servizos prestados polo persoal facultativo especialista de área da correspondente categoría/especialidade nas institucións sanitarias do Sistema Público de Saúde.

3. DOCENCIA, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN SANITARIA (máximo 4 puntos)

3.a. Actividade docente:

3.a.1. Docencia universitaria impartida no ámbito das ciencias da saúde: 0,2 puntos/curso académico, ata un máximo de 1 punto.

3.a.2. Docencia de formación sanitaria especializada ata un máximo de 1 punto:

- Xefe de estudos de formación sanitaria especializada: 0,25 puntos/ano ou a parte proporcional.
- Titor: 0,15 puntos/ano ou a parte proporcional.
- Colaborador/a docente: 0,125 puntos/ano ou a parte proporcional.

Para os efectos deste baremo, o colaborador docente é o/a profesional dos diferentes dispositivos dunha unidade docente por onde rotan os/as especialistas en formación que, sen ser titor, colabora de forma activa na súa formación, asumindo a orientación, a supervisión e o control das actividades que realicen durante as rotacións.

3.b. Autoría de traballos científicos e de investigación no ámbito das ciencias da saúde, apreciados libremente polo tribunal conforme os seguintes criterios e táboas de valoración:





3.b.1. Revistas científicas:

- As publicacións deben pertencer a revistas científicas indexadas en INDICES CSIC, IBECS, Pubmed, Web of Science (Wos), Embase, PsycINFO e catálogo Latindex. Non serán obxecto de valoración as publicacións realizadas en revistas non indexadas nas bases de datos referidas.

Tales publicacións valoraranse nos seguintes termos:

1º Artigos científicos (orixinal, orixinal breve, revisión, revisión sistemática, meta-análise e guías de práctica clínica) publicados en revistas con factor de impacto do Journal Citation Report (JCR) ou Scimago Journal Range (SJR) na data de publicación da convocatoria: 0,40 puntos.

2º Artigos científicos (orixinal, orixinal breve, revisión, revisión sistemática, meta-análise e guías de práctica clínica) publicados en revistas sen factor de impacto: 0,15 puntos.

3º Editoriais, cartas, artigos de opinión, técnicas e procedementos, de carácter científico ou de investigación, publicados en revistas con factor de impacto do Journal Citation Report (JCR) ou Scimago Journal Range (SJR) na data de publicación da convocatoria: 0,10 puntos.

Non serán obxecto de valoración as notas clínicas, resumos de comunicacións e casos clínicos.

3.b.2. Libros ou capítulos de libro:

- Capítulo de libro: 0,10 puntos.

- Libro completo: 0,30 puntos.

Só terán a consideración de libro aquelas publicacións cun mínimo de 49 páxinas. Para a súa valoración, a publicación debe estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

Non terán a consideración de libro, aínda que adopten esta forma de edición, as actas de congreso.

Por non reuniren a condición de traballo científico e de investigación, non será obxecto de valoración os libros/capítulos editados como glosario, anuario, manuais de preparación para o acceso á formación sanitaria especializada e ao emprego público, cursos de formación continuada, protocolos de servizo, libros de casos clínicos, sesións interhospitalarias e demais que así aprecie o respectivo órgano de selección.

Por ser obxecto de valoración tal mérito noutra epígrafe do baremo, non se lle asignará ningunha puntuación neste apartado ás publicacións de teses de doutoramento.

Non serán obxecto de valoración as autoedicións e/ou autopublicacións, entendendo por tales aquelas publicacións financiadas ou promovidas por algún dos seus autores ou nas cales este figure como editor.

No suposto de libros de autoría colectiva, só será obxecto de valoración aquela publicación que, da documentación presentada polo/a aspirante, quede suficientemente acreditada a participación concreta na mesma. Enténdese por autoría colectiva aquela publicación na que interveñen un mínimo de catro autores.

Os capítulos de libro nos que participen catro ou máis autores non serán obxecto de valoración.

Normas comúns de valoración de libros e revistas:

- En ningún caso un mesmo contido determinado e obxectivo publicado baixo diferentes formas e en diferentes publicacións poderá ser obxecto de máis dunha valoración.

- Non serán obxecto de valoración as publicacións de carácter divulgativo.

Para os efectos deste baremo, non terán a consideración de autor da publicación o coordinador, director e outros colaboradores.





3.c. Premios de investigación:

Por cada premio de investigación outorgado a traballos de investigación orixinais publicados, premios a comunicacións en congresos científicos e premios de recoñecido prestixio a traxectorias científicas, outorgados por sociedades científicas, organismos oficiais ou entidades sen ánimo de lucro debidamente rexistradas entre cuxos fins se encontre a investigación, ata un máximo de 1 punto:

- Premio de ámbito internacional: 0,20 puntos.
- Premio de ámbito nacional: 0,10 puntos.

3.d. Proxectos de investigación:

3.d.a. Por cada participación en proxectos de investigación ou innovación financiados por organismos públicos:

3.d.a.1) Como investigador principal:

- Proxectos internacionais: 2 puntos.
- Proxectos nacionais: 1 punto.
- Proxectos autonómicos: 0,30 puntos.

3.d.a.2) Como investigador colaborador:

- Proxectos internacionais: 1 punto.
- Proxectos nacionais: 0,30 punto.
- Proxectos autonómicos: 0,10 puntos.

3.d.b. Por cada participación en proxectos de investigación ou innovación en convocatorias competitivas financiadas por organismos privados nacionais ou internacionais:

- Como investigador principal: 0,30 puntos

Os proxectos de investigación non competitivos non serán baremables.

Non se considerará parte do equipo investigador o persoal contratado a cargo do proxecto nin as colaboracións puntuais no mesmo.

3.e. Estadías formativas en centros de investigación nacionais ou estranxeiros: 0,05 puntos/mes completo.

Para os efectos deste proceso selectivo teñen a condición de centros de investigación os centros receptores nos que os profesionais desenvolvan actividades de investigación, trátense de centros do SNS, universidade, organismos públicos de investigación (OPIS) e, en xeral, calquera centro de investigación dependente da Administración Pública española ou estranxeira, que contén con grupos de investigación de traxectoria acreditada en biomedicina e ciencias da saúde.

As estadías clínicas para a mellora de habilidades ou a aprendizaxe de técnicas innovadoras, que consten debidamente acreditadas consonte ao Sistema Acreditador da Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde, serán obxecto de valoración no apartado de formación continuada.

3.f. Patentes:

- Solicitada e aceptada: 1 punto.
- En explotación: 2 puntos.





ANEXO IV

PROCEDIMENTO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

<p>a) Formación académica</p>	<p>As titulacións académicas oficiais acreditaranse, segundo o suposto, mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación ou certificación da respectiva universidade, debidamente asinado, que deixe constancia de cada un dos méritos invocados polo/a aspirante e data en que foron causados. No relativo aos cursos de doutoramento, para que ese mérito poida ser obxecto de valoración, a certificación que se achegue deberá deixar constancia expresa de que o/a aspirante realizou todos os cursos de doutoramento e indicar o programa e os créditos obtidos. Noutro suposto, non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p> <p>No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro, achegarase, xunto coa copia compulsada do título, a tradución xurada deste ou equivalente e credencial de recoñecemento ou homologación da titulación expedida polo Ministerio de Educación español.</p> <p>O expediente académico e cualificacións obtidas requiren, para a súa valoración, a presentación da certificación de recoñecemento ou equivalencia oficial.</p> <p>A superación dos períodos de docencia e investigación conducentes á adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica acreditados como máster oficial e exhibibles para poder obter o título de doutor/a consonte o RD 56/2005 e posteriores non poderá ser valorada como máster oficial, ao tratarse dun requisito exixido para a obtención desa titulación.</p> <p>Supostos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A acreditación da formación máster, especialista e experto universitario-títulos propios, efectuarase mediante orixinal ou copia compulsada do título ou certificación da universidade en que conste ter sido superada polo/a aspirante a formación conducente á obtención do referido título, datas de realización e o número de horas ou créditos ECT asignados a esa actividade formativa. <p>Poderá requirirse a persoa aspirante a achega do programa formativo nos supostos en que non quede suficientemente acreditada a relación do seu contido co ámbito das ciencias da saúde.</p>
<p>b) Formación continuada</p>	<p>b.1) <u>Recibida</u>:</p> <p>Acreditarase tal mérito mediante copia compulsada do certificado de asistencia ao curso, no cal deberá constar o organismo ou entidade que convocou e impartiu a dita actividade formativa, as datas de realización, o contido do curso e o número de créditos e/ou horas asignados. Poderá requirirse a persoa aspirante a achega do programa formativo ou categoría/s destinataria/s.</p> <p>No suposto de cursos acreditados pola Comisión Nacional ou Autonómica de Formación Continuada, deberá constar o logotipo da respectiva comisión e, ademais, o número de expediente se se trata de actividades formativas posteriores a abril de 2007.</p>





	<p>Normas específicas para a formación en liña. Valoraranse aqueles diplomas de cursos en liña en que conste o número de créditos, número de expediente e logotipo da Comisión de Formación Continuada. Non será necesario que conste o número de expediente se se trata de cursos anteriores a abril de 2007.</p> <p>Serán válidos ademais aqueles diplomas asinados dixitalmente por Dixital Learning cun certificado dixital emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT), así como aqueles que se poidan referenciar a unha web verificable ou cotexable polo órgano de selección. Noutro suposto deberá achegarse certificación orixinal asinada polo órgano que impartiu a actividade formativa, que conterá toda a información esixida neste punto.</p> <p>No suposto de formación en liña con desenvolvemento nun rango de datas, será válida a formación que conste superada dentro das ditas datas.</p> <p>Valoraranse os módulos ou partes integrantes dun curso nos supostos en que quede debidamente acreditada a carga lectiva e horas/créditos asignados de forma diferenciada.</p> <p>Non se valorarán nesta epígrafe os cursos/módulos que sexan parte dunha titulación de formación académica.</p> <p>O órgano de selección resérvase o dereito de poder esixir o aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado en liña cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.</p> <p>b.2) <u>Impartida:</u></p> <p>Acreditarase mediante certificación do organismo ou entidade convocante na cal deberá constar o contido da actividade formativa, así como o número de horas de docencia impartidas.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
<p>c) Formación especializada</p>	<p>No suposto de titulacións obtidas en España, acreditarase tal mérito mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional ou certificación emitida pola respectiva Comisión de Docencia ou Rexistro Nacional de Especialistas en Formación do Ministerio de Sanidade de ter completado o período de formación conducente á obtención do título da respectiva especialidade, que deberá indicar a data de superación.</p> <p>No suposto de titulacións obtidas noutros Estados da Unión Europea achegarase xunto coa copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e credencial de recoñecemento da titulación expedida polo Ministerio de Educación español.</p> <p>As titulacións obtidas no estranxeiro (non UE) deberán acreditarse coa achega da copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e documento de homologación ou validación expedido polo Ministerio de Educación español.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
<p>d) Docencia de formación sanitaria especializada</p>	<p>Acreditarase mediante certificación asinada pola Comisión de Docencia do centro ou, de ser o caso, a Comisión de Docencia da unidade docente onde se tivese impartido esta, na cal deberán constar expresamente os períodos de desenvolvemento de tal actividade e condición en que se impartiu.</p>





	<p>A participación como xefe/a de estudos acreditarase mediante certificación asinada polo/a director/a xerente da institución sanitaria correspondente.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
e) Docencia Universitaria	<p>A docencia universitaria impartida acreditarase mediante certificación da respectiva universidade na cal se fará constar expresamente o cargo docente, tipo de vinculación, departamento ou área de coñecemento en que se impartiu a docencia e datas de inicio e fin da vinculación.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado o mérito.</p>
f) Coñecemento da lingua galega	<p>Acreditarase mediante fotocopia debidamente compulsada do correspondente título, que deberá estar homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.</p>
g) Experiencia profesional	<p>A experiencia profesional en institucións públicas acreditarase mediante certificación emitida pola Dirección de Recursos Humanos do centro ou órgano equivalente, na cal deberá constar a seguinte información: categoría/especialidade, tipo de vínculo (fixo, temporal, atención continuada, formación, promoción profesional temporal), réxime xurídico de vinculación (laboral, funcionario, estatutario), data de inicio e fin de cada unha das vinculacións/nº de horas no suposto de vínculos de atención continuada, total de días de vinculación, réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).</p> <p>A experiencia profesional en centros privados acreditarase mediante certificación da empresa na cal deberá constar a información arriba indicada, ou contrato laboral. En ambos os supostos, xunto coa citada documentación, deberá presentarse un informe de vida laboral emitido polo INSS.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias públicas, tal certificación deberá facer constar expresamente a natureza pública da institución e a súa integración no sistema sanitario público do Estado respectivo. Noutro caso a experiencia profesional non será obxecto de valoración.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias privadas concertadas ou con autorización de uso, deberá quedar debidamente acreditado no certificado a existencia dun concerto ou autorización de uso co respectivo servizo de saúde autonómico ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea nos períodos de vinculación. Noutro suposto tal mérito non será valorado.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias privadas acreditadas para a docencia, deberá quedar debidamente acreditado no certificado que se achegue a condición de institución acreditada no ámbito do SNS ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea para a formación de especialidades de profesións sanitarias.</p> <p>A actividade de investigación acreditarase mediante copia compulsada do contrato ou nomeamento administrativo en que conste a súa vinculación como persoal investigador, datas de inicio e fin e a pertenza ao Sistema Sanitario Público da institución sanitaria por cuxa conta e dependencia se realiza a actividade de investigación. Noutro suposto tal mérito non será</p>





	<p>obxecto de valoración.</p> <p>Non será necesario acreditar documentalmente a experiencia profesional nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e nas entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade, así como a condición de centro concertado co Servizo Galego de Saúde.</p> <p><u>Puntuación específica por conciliación:</u></p> <p>As situacións de permiso por parto, adopción ou acollemento, permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción de fillo, redución de xornada por motivos familiares e excedencia por coidado de fillos/as e familiares acreditaranse mediante certificación da súa concesión expedida pola Dirección do centro, na cal deberán constar as datas de inicio e fin.</p> <p>O persoal fixo ou temporal que nos últimos cinco anos anteriores á data de publicación da convocatoria viñese prestando os seus servizos no Sergas non terá que presentar ningunha documentación acreditativa de tales situacións.</p> <p><u>Puntuación adicional pola prestación de servizos en centros sanitarios illados:</u></p> <p>Concellos, por área sanitaria, con condición de illamento:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Área Sanitaria da Coruña e Cee: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Laxe, Ponteceso e Zas. - Área Sanitaria de Ferrol: Cariño, Mañón, Monfero e Ortigueira. - Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza: Boimorto, Toques e Santiso. - Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos: Alfoz, Barreiros, Cervantes, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Lourenzá, Mondoñedo, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, A Pontenova, Quiroga, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto e Trabada. - Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras: Avión, Beariz, O Bolo, Calvos de Randín, Chandrexa de Queixa, Entrimo, A Gudiña, Lobios, Manzaneda, A Mezquita, Montederramo, Muíños, Padrenda, A Pobra de Trives, Pontedeiva, San Xoán de Río, A Veiga, Viana do Bolo e Vilariño de Conso. - Área Sanitaria de Vigo: Arbo, Crecente, Covelo, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Oia.
<p>h) Publicación de traballos científicos e de investigación</p>	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Revista científicas indexadas en Pubmed</u>. Non será necesaria a súa acreditación documental. O/a aspirante consignará na aplicación informática, no espazo habilitado para o efecto, o código de identificación PMID e rexistrará manualmente a información relativa a número de sinaturas, número de orde de sinaturas e tipo de publicación. O sistema realizará a captura automática da información relativa aos outros campos da base de datos de Pubmed para a súa posterior validación. - <u>Revistas científicas indexadas en INDICES CSIC, IBECs, Web of Science (Wos), Embase, PsycINFO e catálogo Latindex</u>. Acreditarase tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial responsable ou organismo público con competencia en xestión e arquivamento de publicacións. Na certificación ou copia impresa deberá





	<p>constar o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.</p> <p>- <u>Libros/capítulos de libro editados en papel</u>. Deberá achegarse copia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, editorial, o seu depósito legal e/ou ISBN/NIPO, o lugar e ano de publicación e índice da obra. Ademais deberá quedar acreditado o número de páxinas do libro/capítulo e que tal publicación está avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.</p> <p>- <u>Libros editados en formato electrónico</u>. Acreditarase tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial ou organismo público con competencias de xestión e arquivo de publicacións, na cal se fará constar a autoría do capítulo e demais datos bibliográficos básicos que identifiquen a obra e/ou capítulo (autores, data de publicación, edición, ano, URL e data de consulta e acceso). Tal publicación deberá estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
i) Premios de investigación	<p>Acreditarase tal mérito mediante copia compulsada do diploma de concesión. Se no diploma non consta expresamente o seu ámbito, deberá complementarse tal documentación coa achega das bases da convocatoria do premio.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
j) Proxectos de investigación	<p>A participación como investigador/a principal nun proxecto de investigación acreditarase mediante copia da publicación oficial da resolución de convocatoria, sempre que consten os datos necesarios para identificar o proxecto e o investigador, ou certificado de participación expedido polo organismo financiador ou organismo público competente, no cal consten os datos identificativos do/a interesado/a e do proxecto en que participa.</p> <p>A participación como investigador/a colaborador/a acreditarase mediante a presentación da copia da resolución de convocatoria, se nela consta tal participación. O/a aspirante deberá constar como parte do equipo investigador definido no documento de solicitude do proxecto ou en documento posterior que así o acredite no caso de que houberse cambios no equipo investigador ao longo da súa vixencia.</p> <p>No suposto de que o organismo convocante non expida certificados de participación, deberá achegarse certificado asinado polo/a investigador/a principal ou organismo público competente que acredite a concesión do proxecto de investigación ao investigador principal así como a identidade dos investigadores colaboradores.</p> <p>Noutro suposto non se entenderán debidamente acreditados tales méritos.</p>
k) Estadías formativas	<p>Acreditaranse mediante certificación do responsable da estadía (director/a do centro) ou do organismo público concedente da axuda (no caso de estadías financiadas no marco dun programa de recursos humanos), na cal se faga constar o obxecto da estadía e as datas de inicio e fin.</p> <p>Non serán tidas en conta as rotacións externas realizadas durante o</p>





	período formativo da respectiva especialidade.
l) Patentes	As patentes solicitadas e aceptadas acreditaranse coa inscrición no Rexistro de Patentes. As patentes que se encontren en explotación acreditaranse coa achega do acordo de explotación da patente.
m) Compulsa de documentos	As copias dos documentos acreditativos de méritos que se acheguen deberán estar cotexadas polo responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por notario ou funcionario/a público acreditado para a realización de tales funcións.
n) Tradución de documentos	Aos títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español deberán xuntárselles a súa tradución ao castelán ou galego, que deberá efectuala: a) Un tradutor/ra xurado/a debidamente autorizado/a ou inscrito/a en España. b) Calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro. c) A representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento. Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida.





ANEXO V
DECLARACIÓNS RESPONSABLES

Don/a _____ con
D.N.I. núm _____ a efectos da miña participación no proceso selectivo para
a vinculación temporal de diversas prazas de Facultativo Especialista de Área
de _____ no Hospital/Complexo
Hospitalario de _____, declara

(Marcar as casas que correspondan)

- Non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera Servizo de Saúde ou Administración Pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin atoparse inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.
- (Só no caso de nacionais doutros Estados). Non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida non seu Estado de procedencia o acceso ao emprego público.
- Non atoparse en situación de excedencia como persoal estatutario na mesma categoría e especialidade.
- Non ostentar a condición de persoal estatutario fixo na mesma categoría e especialidade.

En _____, a _____ de _____ de 2021

Sinatura: _____

